



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA

Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767

cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es

centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha



**PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE
ARPA
CURSO 2014-2015**

INDICE

<u>1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSEANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA</u>	5
<u>2. OBXECTIVOS</u>	5
2.1 GRAO ELEMENTAL	
<u>2.1.1 OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL</u>	
<u>2.1.2 OBXECTIVOS ESPECIFICOS DO GRAO ELEMENTAL PARA ARPA</u>	
2.2 GRAO PROFESIONAL	
<u>2.2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL</u>	
<u>2.2.2 OBXECTIVOS ESPECIFICOS DO GRAO PROFESIONAL PARA ARPA</u>	
<u>3. CONTIDOS</u>	8
3.1 GRAO ELEMENTAL	
<u>3.1.1 CONTIDOS ESPECIFICOS DO GRAO ELEMENTAL PARA ARPA</u>	
3.2 GRAO PROFESIONAL	
<u>3.1.2 CONTIDOS ESPECIFICOS DO GRAO PROFESIONAL PARA ARPA</u>	
<u>4. PROGRAMACION DO GRAO ELEMENTAL DE ARPA</u>	10
4.1 PRIMEIRO DE GRAO ELEMENTAL	
4.2 SEGUNDO DE GRAO ELEMENTAL	
4.3. TERCEIRO DE GRAO ELEMENTAL	
4.4 CUARTO DE GRAO ELEMENTAL	
<u>5. PROGRAMACION DO GRAO PROFESIONAL DE ARPA</u>	25
5.1 PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL	
5.2 SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL	
5.3 TERCEIRO DE GRAO PROFESIONAL	

5.4 CUARTO DE GRAO PROFESIONAL	
5.5 QUINTO DE GRAO PROFESIONAL	
5.6 SEXTO DE GRAO PROFESIONAL	
<u>6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN</u>	45
6.1 CRITERIOS XERÁIS	
6.2 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	
6.3 RECURSOS DE AVALIACIÓN	
6.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN E PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	
6.5 AMPLIACIÓN DE MATRICULA	
<u>7. RECURSOS DIDACTICOS</u>	47
<u>8-METODOLOXÍA</u>	50
<u>9- OS PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS</u>	51
<u>10- AS ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSinANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO</u>	52
10.1 ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO ARTÍSTICO	
10.2 ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO PERSOAL	
<u>11- OS PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E O RESULTADO DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</u>	53
<u>12- OS PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO</u>	54

<u>13. PRBAS DE ACCESO A TODOS OS CURSOS AGÁS 1º G. ELEMENTAL</u>	54
<u>14. BIBLIOGRAFIA</u>	61
<u>ANEXO I: MODELO DE PROGRAMA DE RECITAL DE FIN DE GRADO PROFESIONAL</u>	62
<u>ANEXO II - PREMIO DE FIN DE GRAO PROFESIONAL</u>	62

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS

E PROFESIONÁIS DE MÚSICA

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental: No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional: A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no CMUS de A Coruña.

2. OBXECTIVOS

2.1 GRAO ELEMENTAL

2.1.1 Obxectivos xerais do grao elemental

Os obxectivos das ensinanzas de música do grao elemental serán os seguintes:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver

a interpretación artística.

- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.1.2 Obxectivos específicos do grao elemental de arpa

Os obxectivos específicos para o grao elemental de arpa, serán os seguintes:

- a) Entender a practica musical como fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicación mundial.
- b) Desenvolver a técnica e a calidade de son
- c) Naturalizar o uso da respiración e relaxación na técnica, son e interpretación
- d) Obter unha autonomía de estudo
- e) Interpretar obras de diferentes estilos musicais axeitadas ao nivel do curso examinando e respectando as características das épocas históricas
- f) Tocar en público como solista ou en grupo gozando da música
- g) Lograr memorizar algunhas das obras a interpretar

2.2 GRAO PROFESIONAL

2.2.1 Obxectivos xerais do grao profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as

funcións e as transformacións nos contextos históricos.

- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

2.2.2. Obxectivos específicos do grao profesional de arpa

As ensinanzas de arpa dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Desenvolver no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- b) Demostrar un bo control do uso dos pedais e da afinación.
- c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos

dunha dificultade acorde con este nivel.

d) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación (dixitación, articulación, etc.).

e) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

f) Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

g) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

3. CONTIDOS

3.1 GRAO ELEMENTAL

3.1.1 Contidos específicos do grao elemental de arpa

a) Educación musical como desenvolvemento de auto confianza, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicación mundial

b) Estudo progresivo da técnica da arpa

1- Importancia da respiración e relaxación no estudo da técnica

2- Control da posición fixa, intervalos harmónicos, acordes, escalas e arpejos

3- Coñecemento e dominio das técnicas de expresión e efectos na arpa

4- Desenvolvemento progresivo da técnica de cambio de pedais

5- Iniciación á lectura á primeira vista

6- Identificación e corrección de notas desafinadas

7- Dominio da técnica de afinación da arpa co aparato afinador

c) Desenvolvemento progresivo da calidade sonora

1- Evolución do oído interno como guía esencial na produción do son

2- Importancia da respiración e relaxación na produción do son

3- Dominio do proceso de produción do son

4- Adquisición dunha ampla paleta de dinámicas

d) Interiorización da autonomía de estudo

1- Desenvolvemento dun método de estudo personalizado

2- Coñecemento das dixitacións máis propicias para pasaxes técnicas e melódicas concretas

- e) Interpretación de obras de diferentes estilos
 - 1- Comprensión das diferentes características de cada etapa histórica que regulan a interpretación das obras
 - 2- Desenvolvemento da análise formal e estética como ferramenta esencial na interpretación da obra
 - 3- Importancia da respiración e relaxación no fraseo musical
- f) Introducción e práctica dos conceptos básicos da música de cámara
- g) Interpretación pública de obras solistas ou música de cámara
 - 1- Aceptación e entendemento do medo escénico
 - 2- Dominio do control da respiración como clave para a relaxación
 - 3- Desenvolvemento da concentración para o gozo persoal da actuación
- h) Introducción e estudo das diferentes técnicas de memorización

3.2 GRAO PROFESIONAL

3.2.1 Contidos específicos do grao profesional de arpa

- a) Práctica en todas as oitavas da arpa de: intervalos harmónicos, acordes, escalas e arpejos con cambios de tonalidades maiores e menores.
- b) Mans paralelas, inversas, cambios de sentido, mans cruzadas, alternadas, combinacións de fórmulas en cada man para desenvolver a independencia entre ambas.
- c) Exercicios de improvisación.
- d) Estudo de cadencias e importancia dos graos da escala como recursos para as técnicas a piacere.
- e) Aplicación dos efectos e matices ás distintas épocas e estilos.
- f) Afondamento na dixitación e no fraseo.
- g) Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- h) Estudo das notas de adorno nas distintas épocas e estilos.
- i) Estudo do repertorio sinfónico e de música de cámara.
- j) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- k) Práctica da lectura á vista.
- l) Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

4. PROGRAMACION DO GRAO ELEMENTAL DE ARPA

4.1 PRIMEIRO GRAO ELEMENTAL

Neste curso encontrámonos coa primeira toma de contacto do alumno co instrumento e posiblemente con música clásica. Por iso, trataremos que dende o comezo a relaxación e o gozo sexan sinónimos da relación "alumno -arpa- musica".

OBXECTIVOS

- Coñecer a morfoloxía e breve historia da arpa
- Adquirir unha posición relaxada na arpa
- Conseguir os principios dunha técnica relaxada na arpa
- Entender e practicar o proceso da execución de son e desenvolver do oído musical
- Asimilar bos hábitos de estudo
- Tocar en público gozando da música

CONTIDOS

Morfoloxía e breve historia da arpa

- Presentación da arpa celta e a arpa de pedais
- Orixines da arpa e o seu revolución ata os nosos días

Posición na arpa

- Importancia da relaxación e a respiración diafragmática
- Colocación correcta de pernas, madeiro, costas, ombros, brazos, cúbados e mans tendo en conta o punto de suxeición, é dicir, de onde se crea a forza.

Introdución á técnica relaxada da arpa: a importancia do son

- Proceso de produción do son: mover, tocar, articular, relaxar
- Posición fixa: posición 4-3-2-1
- Peculiaridades de cada dedo
- Posicións do 2
- Diferenzas da man dereita e esquerda
- Posición de 2 -1
- Mans separadas e mans xuntas ao unísono ou en polifonía
- Intervalos harmónicos
- Intervalos melódicos
- Posición 3-2-1
- Efectos: p.d.l.t, sons xylophone, glissandos, apagado

Proceso da execución de son

- Entendemento das partes do proceso
- Naturalización dos movementos: anticipar, mover, articular, relaxar, prolongar
- Diferenciación dun bo son
- Busqueda do son individual
 - Dinámicas e introdución aos acentos
 - Apreciación de sons simultáneos: sons individuais en mans xuntas, sons simultáneos na mesma man e sons simultáneos a mans xuntas

Hábitos de estudo

- Iniciación a un estudo eficaz, ameno e constante
- Autoavaliación: cara a un alumnado con criterios independentes

Audicións

- Entendemento e aceptación do "medo escénico"
- Técnicas de relaxación e a aspiración diafragmática
- Práctica dos "simulacros de concertos" en clases colectivas, diante dos seus amigos, etc...

Desenvolvemento do oído musical

- O oído como guía do músico: touca, escoita, reflexiona
- Conceptos de afinación da arpa
- Concepción do sons individuais e simultáneos

RECURSOS DIDACTICOS (METODOLOXIA)

OBRAS

Grupo 1: Técnica e estudos

- Exercicios técnicos: Golden Harp, D. Bouchard; Tratado analítico de la técnica y estética del arpa, M.R. Calvo-Manzano e Complete Method for Harp, H.

Reniè

- Estudos de ritmo- The ABC of Harp Playing, L. Lawrence

Grupo 2: Obras

- Tres obras a elixir- The ABC of Harp Playing, L. Lawrence
- Tres obras a elixir- First Grade Pieces for Harp, M. Grandjany

& J. Weindsensaul e Les Plaisers de la Harpe, H. Geliot

- Tres obras a elixir- Golden Harp, D. Bouchard, "O pequeno mundo dos nenos", de M^a Rosa Calvo-Manzano e Little Harp Book, M. Grandjany

METODOLOXIA

A educación musical partirá do coñecemento do alumno e basearase na motivación e inspiración para o desenvolvemento deste. A educación musical se entenderá como "fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicación mundial" (Prof. D. Elliott, Xefe do Departamento de Educación Musical do New York University, EUA).

CRITERIOS DE AVALIACION

- Interpretar os textos musicais empregando a medida e articulación axeitadas.
- Dominar a técnica traballada ao longo do curso e aplicala correctamente nas obras traballadas.
- Demostrar a capacidade de estudo individual, organizado e regular, aplicando as indicacións do profesor.
- Demostrar a capacidade de audición persoal e autocrítica, para unha posterior independencia no estudo.
- Audición nas clases colectivas.
- Audición con público (polo menos 2 veces ao ano).

PROCEDEMENTOS DE AVALIACION

- a) Observacion e valoración directa no aula do traballo realizado polo alumno
- b) Observacion e valoración do traballo realizado polo alumno no tempo de estudo individual
- c) Intervencion en audicions publicas e clases colectivas
- d) Auto-avaliacion do alumno

MEDIDAS DE RECUPERACION

No caso de que un alumno faltase a clase de instrumento sen xustificar as devanditas faltas, o alumno perdería o dereito á avaliación continua e por iso se lle convocaría a unha proba extraordinaria que tería lugar a final de curso.

Por outra banda, se o alumno non amosase os coñecementos correspondentes ao curso,

considerarase necesario a recuperacion da asignatura mediante unha proba extraordinaria especifica para a convocatoria de setembro.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Na proba extraordinaria de setembro, o alumno interpretara as obras propostas na programacion para o curso correspondente: unha obra elixida polo alumno, unha obra elixida polo profesor e outra elixida por sorteo. Nesta proba amais do profesor da especialidade, poderan estar presentes ate dous profesores mais.

CRITERIOS PARA A CONCESION DE AMPLIACION DE MATRICULA

Aqueles alumnos que superene o 75% dos obxectivos e contidos do curso correspondente dentro do primeiro trimestre, poderan ampliar matricula para o curso seguinte.

4.2 SEGUNDO DO GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

- Adquirir unha posición relaxada na arpa
- Conseguir os principios dunha técnica relaxada na arpa
- Practicar o proceso da execución de son
- Asimilar bos hábitos de estudo
- Tocar en público gozando da música
- Desenvolver do oído musical

CONTIDOS

Posición na arpa

- Importancia da relaxación e a respiración diafragmática
- Colocación correcta de pernas, madeiro, costas, ombros, brazos, cóbados e mans tendo en conta o punto de suxeición
- Introducción á técnica relaxada da arpa: a importancia do son
- Posición 4-3-2-1 con todas as súas variantes de mans xuntas
- Posición 2-1 con pases
- Mans separadas e mans xuntas ao unísono ou en polifonía
- Intervalos harmónicos
- Intervalos melódicos

- Escalas: dixitación dos pases do 4, 3 e 2
- Efectos: p.d.l.t, sons xylophone, glissandos, harmonicos, uña
- Introduccion as tecnicas de expresion e limpeza: acentos e apagados

A calidade do son

- Interiorización do proceso de produción de son
- Práctica das diferentes dinámicas
- Adestramento dos movementos de relaxación internos

A afinación da arpa

- Desenvolvemento da afinación con aparato
- Identificación e corrección das notas desafinadas correspondentes a calquera dos rexistros da arpa

Introduccion á usaxe dos pedais

A memoria

-Adestramento da técnica de memorización dende pequenos fragmentos ata chegar a obras completas

A preparación para a actuación pública

- Traballo mental persoal da comprensión e aceptación do medo escénico
- Práctica do control de respiración en situacións límites
- Práctica da relaxación e inmersión no estado concentración

Música de Cámara a dúas arpas

- Definición e práctica dos conceptos básicos para tocar en grupo
- Análise da obra
- Ensaio de grupo

RECURSOS DIDACTICOS (METODOLOXIA)

OBRAS

Grupo 1: Técnica

- Exercicios técnicos: Golden Harp, D. Bouchard; Tratado analítico de la técnica y estética del arpa, M.R. Calvo-Manzano e Complete Method for Harp, H. Reniè, Grossi Method for the Harp

Grupo 2: Obras

- Dúas obras a elixir- Suzuki Harp School, Vol.1
- Dúas obras a elixir: Little Harp Book de M. Grandjany

- Duas obras a elixir- First Grade Pieces for Harp, M. Grandjany & J. Weindsensaul
- Duas obras a elixir- Tiny tales for Harpist Beginners, C. Salzedo
- Duas obras a elixir- Les Plaisers de la Harpe, H. Geliot, Petite Berceuse A. Hasselmans, H. Renie Grandma counts a story

METODOLOXIA

A educación musical partirá do coñecemento do alumno e basearase na motivación e inspiración para o desenvolvemento deste. A educación musical se entenderá como "fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicación mundial" (Prof. D. Elliott, Xefe do Departamento de Educación Musical do New York University, EUA).

CRITERIOS DE AVALIACION

- Interpretar os textos musicais empregando a medida e articulación axeitadas.
- Dominar a técnica traballada ao longo do curso e aplicala correctamente nas obras traballadas.
- Demostrar a capacidade de estudo individual, organizado e regular aplicando as indicacións do profesor.
- Demostrar a capacidade de audición persoal e autocrítica, para unha posterior independencia no estudo.
- Tocar de memoria ao menos unha obra na audición pública
- Audición nas clases colectivas.
- Audición con público (polo menos 2 veces ao ano).

PROCEDEMENTOS DE AVALIACION

- a) Observación e valoración directa no aula do traballo realizado polo alumno
- b) Observación e valoración do traballo realizado polo alumno no tempo de estudo individual
- c) Intervención en audicións públicas e clases colectivas
- d) Auto-avaliación do alumno

MEDIDAS DE RECUPERACION

No caso de que un alumno faltase a clase de instrumento sen xustificar as devanditas faltas, o alumno perdería o dereito á avaliación continua e por iso se lle convocaría a unha proba

extraordinaria que tendria lugar a final de curso. Por outra banda, se o alumno non amosase os coñecementos correspondentes ao curso, considerarase necesario a recuperacion da asignatura mediante unha proba extraordinaria especifica para a convocatoria de setembro.

PROBAS EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Na proba extraordinaria de setembro, o alumno interpretara as obras propostas na programacion para o curso correspondente: unha obra elixida polo alumno, unha obra elixida polo profesor e outra elixida por sorteo. Nesta proba amais do profesor da especialidade, poderan estar presentes ate dous profesores mais.

CRITERIOS PARA A CONCESION DE AMPLIACION DE MATRICULA

Aqueles alumnos que superene o 75% dos obxectivos e contidos do curso correspondente dentro do primeiro trimestre, poderan ampliar matricula.

4.3 TERCEIRO DO GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

- a) Entender a practica musical como fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicacion mundial.
- b) Naturalizar a tecnica e a calidade de son
- c) Interiorizar o uso da respiracion e relaxacion na tecnica, son e interpretacion musical na arpa
- d) Obter unha autonomia de estudo
- e) Interpretar obras de diferentes estilos musicais axeitadas ao nivel do curso
- f) Tocar en público como solista ou en grupo gozando da música
 - 1- Aprender a controlar o medo escénico
 - 2- Desenvolver a técnica de concentración
 - 3- Aprender e desenvolver os conceptos básicos da música de cámara
- g) Lograr memorizar algunhas das obras a interpretar
 - 1- Coñecer e desenvolver as técnicas de memorización

CONTIDOS

A dicitacion 4-3-2-1 con todas as suas variantes de mans xuntas

A dicitación de 3, 2,1

-Práctica de arpejos, acordes plaqué e arpegiados de tres notas, baseados nos acordes triada en estado fundamental e todos os seus investimentos, con boa calidade sonora, en todas as tonalidades

-Práctica de escalas con pases do terceiro dedo con bo son

A calidade do son

-Interiorización do proceso de produción de son

-Práctica das diferentes dinámicas

-Adestramento dos movementos de relaxación internos e movementos de antebrazo para a prolongación do son

A afinación da arpa

-Desenvolvemento da afinación con aparato e comezo da afinación sin aparato das oitavas agudas e graves, unha vez afinada a oitava central co aparato

-Identificación e corrección das notas desafinadas

Os pedais

-Estudo de exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais

As técnicas de expresión e limpeza

-Práctica dos diferentes tipos de acentos

-Práctica da posición etouffe

Os efectos

-Práctica do efecto "per da table"

-Práctica de harmónicos

-Práctica do efecto uña

-Práctica dos glissandos

-Práctica do efecto "son xilófono"

Introducción ao análise formal e estético das obras

-Traballo de todos os conceptos relacionados ao fraseo musical deste estilo: diferenciación de voces, dinámicas e expresión.

Lectura á primeira vista

-Práctica progresiva de lectura á primeira vista de exercicios e obras de complexidade " in crescendo"

A memoria

-Adestramento da técnica de memorización das obras completas

A preparación para a actuación pública

- Traballo mental persoal da comprensión e aceptación do medo escénico
- Práctica do control de respiración en situacións límites
- Práctica da relaxación e inmersión no estado concentración

Música de Cámara

- Definición e práctica dos conceptos básicos para tocar en grupo
- Análise da obra
- Ensaio de grupo

RECURSOS DIDACTICOS (METODOLOXIA)

OBRAS

Grupo 1: Técnica

- Exercicios técnicos: B. Andres Friandises; M.R. Calvo-Manzano, Tratado analítico de la técnica y estética del arpa; Larivière: Exercises and études for the harp; H. Renie, Complete Method for Harp

Grupo 2: Obras

- Dos obras e elixir: H. Geliot, Les Plaisirs de la Harpe
- Dos obras a elixir: Suzuki Harp School, Vol 2
- Dos obras a elixir: M. Grandjany, Little Harp Book
- Dos obras a elixir entre: B. Andres, Aquatintes & Les Petit Pas; ; M. Dilling,

Old Tunes for New Harpist ou J. Mayhew, A Children's Story

METODOLOXIA

A educación musical partirá do coñecemento do alumno e basearase na motivación e inspiración para o desenvolvemento deste. A educación musical se entenderá como "fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicación mundial" (Prof. D. Elliott, Xefe do Departamento de Educación Musical do NYU, EUA)

CRITERIOS DE AVALACION

- Dominar a técnica correspondente aos contidos propios do curso.
- Interpretar cada obra de acordo cos criterios de estilo correspondentes, incorporando a

técnica axeitada a cada unha delas.

-Demostrar a capacidade de tocar en grupo: precisión rítmica, dinámica, empaste sonoro

-Demostrar a capacidade de estudar dun xeito regular e organizada.

-Audición en público. Interpretación de polo menos unha das obras do curso de memoria, con seguridade e control da situación.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACION

a) Observacion e valoración directa no aula do traballo realizado polo alumno

b) Observacion e valoración do traballo realizado polo alumno no tempo de estudo individual

c) Intervencion en audicions publicas e clases colectivas

d) Auto-avaliacion do alumno

MEDIDAS DE RECUPERACION

No caso de que un alumno faltase a clase de instrumento sen xustificar as devanditas faltas, o alumno perderia o dereito á avaliación continua e por iso se lle convocaría a unha proba extraordinaria que tendría lugar a final de curso. Por outra banda, se o alumno non amosase os coñecementos correspondentes ao curso, considerárase necesario a recuperación da asignatura mediante unha proba extraordinaria específica para a convocatoria de setembro.

PROBAS EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Na proba extraordinaria de setembro, o alumno interpretaría as obras propostas na programación para o curso correspondente: unha obra elixida polo alumno, unha obra elixida polo profesor e outra elixida por sorteo. Nesta proba amais do profesor da especialidade, poderán estar presentes até dous profesores máis.

CRITERIOS PARA A CONCESION DE AMPLIACION DE MATRICULA

Aqueles alumnos que superene o 75% dos obxectivos e contidos do curso correspondente dentro do primeiro trimestre, poderán ampliar matrícula.

4.4 CUARTO DO GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

a) Entender a práctica musical como fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicación mundial.

- b) Naturalizar a técnica e a calidade de son
- c) Interiorizar o uso da respiración e relaxación na técnica, son e interpretación musical
- d) Obter unha autonomía de estudo
 - 1- Adquirir un método de estudo eficaz e constante
- e) Interpretar obras de diferentes estilos musicais axeitadas ao nivel do curso examinando e respectando as características das épocas históricas
 - 1- Aprender a analizar os aspectos formais e estilísticos da obra
- f) Tocar en público como solista ou en grupo gozando da música
 - 1- Aprender a controlar o medo escénico
 - 2- Desenvolver a técnica de concentración
 - 3- Aprender e desenvolver os conceptos básicos da música de cámara
- g) Lograr memorizar algunhas das obras a interpretar
 - 1- Coñecer e desenvolver as técnicas de memorización

CONTIDOS

A dixitación de 3, 2,1

-Práctica de arpejos, acordes plaqué e arpegiados de tres nota, baseados nos acordes triada en estado fundamental e todos os seus investimentos, con boa calidade sonora e práctica de escalas con pases do terceiro dedo con bo son

A dixitación 4, 3, 2,1

-Práctica de arpejos, acordes plaqué e arpegiados de catro notas, baseados nos acordes de sétima en estado fundamental e todos os seus investimentos, cunha boa calidade sonora

-Práctica de escalas con pases do cuarto dedo cun bo son

A calidade do son

-Interiorización do proceso de produción de son

-Práctica das diferentes dinámicas

-Adestramento dos movementos de relaxación e prolongación do son

A afinación da arpa

-Desenvolvemento da afinación sen aparato das oitavas agudas e graves, unha vez afinada a oitava central co aparato

-Identificación e corrección das notas desafinadas correspondentes a calquera dos rexistros da arpa

Os pedais

-Estudo de exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais

As técnicas de expresión e limpeza

- Práctica do picado, picado-ligado e legato
- Práctica dos diferentes tipos de acentos
- Práctica da posición etouffe

Os efectos

- Práctica do efecto "per de la table"
- Práctica de harmónicos
- Práctica do efecto uña
- Práctica dos glissandos
- Práctica do efecto "son xilófono"

Os estilos Barroco, Clasicismo, Romanticismo, Impresionismo e Seculo XX

- Análise formal e estéticos das obras
- Traballo de todos os conceptos relacionados ao fraseo musical deste estilo: diferenciación de voces, dinámicas e expresión.
- Interpretación dunha ou dúas obras correspondentes a este estilo
- Audicións de obras deste estilo interpretadas por grandes músicos

A memoria

- Adestramento da técnica de memorización das obras completas

A preparación para a actuación pública

- Traballo mental persoal da comprensión e aceptación do medo escénico
- Práctica do control de respiración en situacións límites
- Práctica da relaxación e inmersión no estado concentración

Música de Cámara e introducción ao repertorio sinfónico

- Práctica dos conceptos básicos para tocar en grupo e na orquestra
- Análise da obra
- Ensaio de grupo

RECURSOS DIDACTICOS (METODOLOXIA)

OBRAS

Grupo 1: Técnica e estudos

- Exercicios técnicos: M.R. Calvo-Manzano, Tratado analítico de la técnica y estética del arpa; Lariviere: Exercises and etudes for the harp; H. Renie, Complete Method for Harp

Grupo 2: Dos obras Barrocas e Clasicas (unha de cada estilo)

- M.R Calvo-Manzano Cuaderno Ana Magdalena Bach

- H. Geliot, Les Plaisers de la Harpe

- H.J. Zingel, New Harp Instruction 2

Grupo 3: Dos obras Romanticas e Impresionsitas (unha de cada estilo)

-Burton: Schumman on the harp

- H. Geliot, Les Plaisers de la Harpe

- Hasselmans: Trois Pieces

Grupo 4: Dos obras do Seculo XX

- B. Andrés: Épices, Automates, Au Martine

- J.M. Damase: Promenade

- M. Dilling: Deep River, Old Tunes for new harpists

- M. Gabus: Imágenes de China

- Silvia Wood: The Beatles Transcriptions

METODOLOXIA

A educación musical partirá do coñecemento do alumno e basearase na motivación e inspiración para o desenvolvemento deste. A educación musical se entenderá como "fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicación mundial" (Prof. D. Elliott, Xefe do Departamento de Educación Musical do New York University, EUA).

CRITERIOS DE AVALIACION

-Dominar a técnica correspondente aos contidos propios do curso.

-Interpretar cada obra de acordo cos criterios de estilo correspondentes, incorporando a técnica axeitada a cada unha delas.

-Demostrar a capacidade de tocar en grupo: precisión rítmica, dinámica, empaste sonoro...

-Demostrar a capacidade de estudar dun xeito regular e organizada.

-Audición en público polo con seguridade e control da situación.

-Interpretar unha das obras do curso de memoria

PROCEDIMENTOS DE AVALIACION

- a) Observacion e valoracion directa no aula do traballo realizado polo alumno
- b) Observacion e valoracion do traballo realizado polo alumno no tempo de estudo individual
- c) Intervencion en audicions publicas e clases colectivas
- d) Auto-avaliacion do alumno

MEDIDAS DE RECUPERACION

No caso de que un alumno faltase a clase de instrumento sen xustificar as devanditas faltas, o alumno perderia o dereito á avaliación continua e por iso se lle convocaría a unha proba extraordinaria que tendria lugar a final de curso. Por outra banda, se o alumno non amosase os coñecementos correspondentes ao curso, considerárase necesario a recuperacion da asignatura mediante unha proba extraordinaria especifica para a convocatoria de setembro.

PROBAS EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Na proba extraordinaria de setembro, o alumno interpretará as obras propostas na programación para o curso correspondente: unha obra elixida polo alumno, unha obra elixida polo profesor e outra elixida por sorteo. Nesta proba amais do profesor da especialidade, poderán estar presentes até dous profesores máis.

PROBA DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL

OBRAS

Na proba de acceso ao grao profesional o alumno presentará un total de tres obras de estilos diferentes e unha de elas interpretárase de memoria.

- M.R Calvo-Manzano Cuaderno Ana Magdalena Bach
- H.J. Zingel, New Harp Instruction 2
- Burton: Schumman on the harp
- B. Andrés: Épices, Automates, Au Martine
- M.Dilling: Deep River, Old Tunes for New Harpist
- Hasselmans: Trois Pieces
- Gabus, Images de Chine
- J.M. Damase: Promenade
- Silvia Wood: The Beatles Transcription

CRITERIOS DE AVALIACION

- Interpretar as obras gozando da música e con seguridade e control da situación, empregando a medida e articulación axeitadas cunha postura relaxada na arpa
- Reflectir a importancia da respiración, relaxación, precisión técnica e calidade de son á hora de tocar a arpa

5. PROGRAMACION DO GRAO PROFESIONAL DE ARPA

5.1 PRIMERO DO GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

Este ciclo representa o primeiro do grao medio, suponse que os alumnos que chegan a el de forma directa ou a través dunha proba de acceso, deben ter cumpridos os obxectivos do grao elemental; non obstante, a realidade demostra que convén repasar, afianzar e afondar nalgúns deles.

Controlar a través da técnica a coordinación psicomotriz (mans, pedais, respiración...).

Realizar escalas, arpejos e acordes nas diferentes tonalidades maiores e menores. Acordes de sétima e de triada cunha nota repertida

- . Practicar en todas as oitavas da arpa os exercicios de técnica xa estudados.
- . Dominar e aplicar axeitadamente a técnica do cambio de pedais.
- . Práctica do repertorio sinfónico apropiado ao nivel.
- . Realizar exercicios de improvisación e técnicas "a piacere".
- . Interpretar obras de todos os estilos do repertorio solista atendendo ás características propias de cada obra, á musicalidade e á expresión (iniciarse no estudo teórico das características propias de cada estilo).
- . Afondar na práctica de correctos e eficaces (aproveitamento) hábitos de estudo.
- . Tocar en público, sendo algunha das obras do repertorio de memoria, demostrando un axeitado autocontrol, permitindo así unha correcta fluidez do discurso musical e a conseguinte comunicación co oínte.

CONTIDOS

Repaso e afianzamento da técnica de grao elemental.

Práctica de escalas: tetracordo e os pases do 4. Diferentes variantes

Repaso dos acordes triada e cuatriada (de septima) en arpexios, acordes plaqués e arpexiados

Acorde triada cunha nota repetida no estado fundamental e todas as inversións: práctica de arpexios, acordes plaqué e arpexiados

Traballar a claridade sonora en ambas as dúas mans (ataque).

Iniciación ao estudo da combinación de fórmulas rítmicas diferentes

Exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais.

Estudo teórico dos diferentes ornamentos, e a súa práctica con exercicios específicos, e mesmo escribindo o alumno a súa propia ornamentación nas obras que así o requiran (no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan).

Coñecemento das distintas grafías contemporáneas e a súa realización na arpa.

Comprensión e análise / Improvisación

Realización de traballos de análise sobre fragmentos ou a totalidade das obras de repertorio: Análise harmónica, formal, histórico e estilístico

Traballo de lectura á primeira vista, continuación do realizado anteriormente

Estudo do repertorio orquestral apto para o seu nivel.

Interpretación correcta do repertorio solista propio do nivel.

Adestramento continuado da memoria.

Audicións do alumno dentro da aula, ante un público e de distintas versións dunha obra, comparando de xeito crítico as diferentes interpretacións.

RECURSOS DIDACTICOS (METODOLOXIA)

OBRAS

Primeiro grupo: Técnica

. Exercicios técnicos: M.R. Calvo-Manzano, Tratado analítico de la técnica y estética del arpa; Lariviere: Exercises and etudes for the harp; H. Renie, Complete Method for Harp;

Escalas dunha e mais octavas

.Practica das principais cadenzas armónicas en arpegios, acordes plaqués e arpegiados

. Práctica de ritmos irregulares: From Harp to Harp with Love de Dr. Alfredo

Rolando Ortiz

. Práctica de lectura a primeira vista: Harp Sightreading, S. Green

. Práctica de cambio de pedais: Pedal Pamphlet, M. Hartzell

Segundo grupo: Estudos

. Tres estudos a elixir entre E. Pozzoli: Etudes de mediana difficultade por l'arpa, F. Alberti, Etude Facile e N. Bochsa Célèbres Etudes pour le Harpe Op. 318

Terceiro grupo: Obras Barrocas e Clásicas

. Unha obra Barroca. Por ex: unha do caderno 11 de "Os clásicos da arpa" de H.Renié (Ed. Leduc) ou "Preludios e Invencións" de J.S.Bach.

. Unha obra Clásica. Por ex: Primeira Sonata de J.L.Dusseck (Ed. Supraphon Praha-Artia) ou Sonata de Clementi, Menuett de Mayer ou Allegro de Haendel

Cuarto grupo: Obras Románticas e Modernas

. Unha obra Romántica: Por exemplo: Beethoven Sonatine, Godefroid Pensees Musicales, Nadermann Petite Chase

. Unha obra moderna ou contemporánea de mediana difficultade. Por ex:

L. Charpentier 10 pieces variees, M. Grandjany Harp Album

MÍNIMOS DO REPERTORIO PARA O CURSO

Catro obras de estilos diferentes e exercicios técnicos

METODOLOXIA

A educación musical partirá do coñecemento do alumno e basearase na motivación e inspiración para o desenvolvemento deste. A educación musical se entenderá como "fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar interno e medio de comunicación mundial" (Prof. D. Elliott, Xefe do Departamento de Educación Musical do New York University, EUA).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

. Dominar a técnica correspondente ao curso.

. Interpretar estudos e obras de todas as épocas, de acordo cos seus criterios estilísticos correspondentes. Demostrar a autonomía necesaria para a resolución de problemas tanto teóricos coma técnicos.

- . Tocar en público con fluidez e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- . Interpretar de memoria polo menos unha das obras do curso.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACION

- a) Observación e valoración directa no aula do traballo realizado polo alumno
- b) Observación e valoración do traballo realizado polo alumno no tempo de estudo individual
- c) Intervención en audicións publicas e clases colectivas
- d) Auto-avaliación do alumno

MEDIDAS DE RECUPERACION

No caso de que un alumno faltase a clase de instrumento sen xustificar as devanditas faltas, o alumno perdería o dereito á avaliación continua e por iso se lle convocaría a unha proba extraordinaria que terá lugar a final de curso. Por outra banda, se o alumno non amosase os coñecementos correspondentes ao curso, considerárase necesario a recuperación da materia mediante unha proba extraordinaria específica para a convocatoria de setembro.

PROBAS EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Na proba extraordinaria de setembro, o alumno interpretara as obras propostas na programación para o curso correspondente: unha obra elixida polo alumno, unha obra elixida polo profesor e outra elixida por sorteo.

CRITERIOS PARA A CONCESION DE AMPLIACION DE MATRICULA

Aqueles alumnos que superen o 75% dos obxectivos e contidos do curso correspondente dentro do primeiro trimestre, poderán ampliar matrícula para o curso seguinte.

5.2 SEGUNDO DO GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

- . Controlar de xeito axeitado e a través da técnica a coordinación psicomotriz.
- . Coñecer e iniciar o estudo teórico das características propias de cada estilo,

similitudes e diferenzas entre eles.

. Adquirir unha progresiva autonomía na aplicación práctica dos coñecementos técnicos e teóricos para unha mellor expresión interpretativa.

. Práctica do repertorio sinfónico apropiado ao nivel.

. Interpretar obras de todos os estilos do repertorio solista atendendo ás características propias de cada obra, á musicalidade e á expresión (iniciarse no estudo teórico das características propias de cada estilo, as súas similitudes e as súas diferenzas).

. Afondar na práctica de correctos e eficaces (aproveitamento) hábitos de estudo.

. Tocar en público, sendo algunha das obras do repertorio de memoria, demostrando un axeitado autocontrol, permitindo así unha correcta fluidez

CONTIDOS

.Repaso e afianzamento da técnica de grao elemental.

Estudo dos pasos co 2, 3 e 4 e as súas variantes

Escalas maiores e menores de mais dunha octava e variantes

Repaso dos acordes de sétima e do acorde triada cunha nota dobre en arpegios e acordes

Traballar a claridade sonora en ambas as dúas mans (ataque).

Iniciación ao estudo da combinación de fórmulas rítmicas diferentes

Estudo de exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais.

Estudo teórico dos diferentes ornamentos, e a súa práctica con exercicios específicos, e mesmo escribindo o alumno a súa propia ornamentación nas obras que así o requiran (no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan).

.Coñecemento das distintas grafías contemporáneas e a súa realización na arpa.

.Comprensión e análise / Improvisación

Realización de traballos de análise sobre fragmentos ou a totalidade das obras de repertorio: Análise harmónica, formal, histórico e estilístico. Todos estes puntos no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan.

Traballo de lectura á primeira vista, continuación do realizado no grao elemental

Estudo do repertorio orquestral apto para o seu nivel.

Interpretación correcta do repertorio solista propio do nivel.

Adestramento continuado da memoria.

Audicións do alumno dentro da aula, ante un público e tamén de distintas versións dunha obra, comparando de xeito crítico as diferentes interpretacións.

RECURSOS DIDACTICOS

OBRAS

Primeiro Grupo: Técnica

Exercicios técnicos: M.R. Calvo-Manzano, Tratado analítico de la técnica y estética del arpa; Lariviere: Exercises and etudes for the harp; H. Renie, Complete Method for Harp; Salzedo, Conditioning Exercises

. Práctica de lectura a primeira vista: Harp Sightreading, S. Green

. Práctica de cambio de pedais: Pedal Pamphlet, M. Hartzell

Segundo Grupo: Obras Barrocas

Por exemplo, Solfegietto de C.P.E. Bach, Caderno 11 de "Os clásicos da arpa" de H.Renié (Ed. Leduc) ou "Preludios e Invencións" de J.S.Bach.

Terceiro Grupo: Obras Románticas dun compositor no arpista.

Por exemplo: Beethoven for Harp- Arranged by D. Burton ou Symphony Themes -Tchaikovsky, Beethoven, Brahms arr. by Medley

Cuarto Grupo: Obras Románticas ou Impresionistas dun compositor arpista

Por exemplo: Feuilles d'Automne Op 45 46 & 47 e Crépuscule Calme de A. Hasselmans ou Feuilletts d'Album de H. Renie

Quinto Grupo: Unha obra do século XX de mediana dificultade

Por exemplo: Un bal a la campagne: Suite de danses pour Harpe de B. Andres ou Eleven Pieces- Bartok arranged by Von Wurtzler

Sexto Grupo: Unha obra de Jazz

Por exemplo: All-Time Jazz Favorites de S. Kanga

MÍNIMOS DO REPERTORIO PARA O CURSO

Catro obras de estilos diferentes e exercicios técnicos

METODOLOXIA

A educación musical partirá do coñecemento do alumno e basearase na motivación e inspiración para o desenvolvemento deste. A educación musical se entenderá como "fonte de confianza nun mesmo, crecemento persoal, benestar

interno e medio de comunicación mundial" (Prof. D. Elliott, Xefe do Departamento de Educación Musical do New York University, EUA).

CRITERIOS DE AVALIACION

Dominar a técnica correspondente ao curso.

Interpretar obras de todas as épocas, de acordo cos seus criterios estilísticos correspondentes.

Demostrar a autonomía necesaria para a resolución de problemas tanto teóricos coma técnicos.

Tocar en público con fluidez e autocontrol para lograr a comunicación co ónte.

Interpretar de memoria polo menos unha das obras do curso

PROCEDEMENTOS DE AVALIACION

a) Observación e valoración directa no aula do traballo realizado polo alumno

b) Observación e valoración do traballo realizado polo alumno no tempo de estudo individual

c) Intervención en audicións publicas e clases colectivas

d) Auto-avaliación do alumno

MEDIDAS DE RECUPERACION

No caso de que un alumno faltase a clase de instrumento sen xustificar as devanditas faltas, o alumno perdería o dereito á avaliación continua e por iso se lle convocaría a unha proba extraordinaria que terá lugar a final de curso. Por outra banda, se o alumno non amosase os coñecementos correspondentes ao curso, considerarase necesario a recuperación da materia mediante unha proba extraordinaria específica para a convocatoria de setembro.

PROBAS EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Na proba extraordinaria de setembro, o alumno interpretara as obras propostas na programación para o curso correspondente: unha obra elixida polo alumno, unha obra elixida polo profesor e outra elixida por sorteo.

CRITERIOS PARA A CONCESION DE AMPLIACION DE MATRICULA

Aqueles alumnos que superen o 75% dos obxectivos e contidos do curso correspondente dentro do primeiro trimestre, poderán ampliar matrícula para o curso seguinte.

CRITERIOS DA AVALIACION:

Dominar a técnica correspondente ao curso e tocar de memoria algunha obra

Interpretar estudos e obras de todas as épocas, de acordo cos seus criterios estilísticos correspondentes.

Demostrar a autonomía necesaria para a resolución de problemas tanto teóricos coma técnicos.

Tocar en público con fluidez e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.

5.3 TERCEIRO DO GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

- . Consolidar unha posición relaxada no arpa
- . Profundar o estudo da técnica baseada na relajación e a calidade do son
- . Interpretar obras de todos os estilos do repertorio solista atendendo ás características propias de cada obra, á musicalidade e á expresión (afondar o estudo teórico das características propias de cada estilo, as súas similitudes e as súas diferenzas).
- . Estudar repertorio sinfónico apropiado ao nivel.
- . Afianzar bos hábitos de estudo individual
- . Adquirir unha progresiva autonomía na aplicación práctica dos coñecementos técnicos e teóricos para unha mellor expresión interpretativa.
- . Tocar en público, sendo algunha das obras do repertorio de memoria, demostrando un axeitado autocontrol, permitindo así unha correcta fluidez

CONTIDOS

- . Estudo continuo dunha posición relaxada no arpa
- . Reforzamento constante dunha produción de son relaxada e de calidade
- . Repaso e afianzamento da técnica dos cursos anteriores: pases co 2, 3 e 4 e as súas variantes, escalas maiores e menores de mais dunha octava e variantes, acordes de sétima

- e do acorde triada cunha nota dobre en arpegios e acordes plaqué e arpegiados
- . Estudo de enlaces de arpegios de tres ou catro notas en ambas mans con todas as variante posibles
 - . Aprendizaxe das fórmulas de trinos de dúas ou tres notas a dúas mans
 - . Adestramento da posición 4-3-1-2
 - . Estudo de exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais.
 - . Estudo teórico dos diferentes ornamentos, e a súa práctica con exercicios específicos, e mesmo escribindo o alumno a súa propia ornamentación nas obras que así o requiran (no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan).
 - . Coñecemento das distintas grafías contemporáneas e a súa realización na arpa.
 - . Realización de traballos de análise sobre fragmentos ou a totalidade das obras de repertorio: Análise harmónica, formal, histórico e estilístico. Todos estes puntos no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan.
 - . Interpretación correcta do repertorio solista de diferentes estilos propio do nivel
 - . Práctica das técnicas de afinación do arpa e desenvolvemento do oído
 - . Traballo de lectura á primeira vista
 - . Estudo do repertorio orquestral apto para o seu nivel..
 - . Adestramento continuado da memoria.
 - . Audicións do alumno dentro da aula, ante un público e tamén de distintas versións dunha obra, comparando de xeito crítico as diferentes interpretacións.

RECURSOS DIDACTICOS (METODOLOXIA)

OBRAS

Primeiro Grupo: Técnica

Exercicios técnicos de H. Renie, Complete Method for Harp; Salzedo, Conditioning Exercises e tres estudos a elexir do Primeiro Caderno do Celebres Etudes pour la Harpe Op. 318 de Bochsa

- . Práctica de lectura a primeira vista: Harp Sightreading, S. Green
- . Práctica de cambio de pedais: Fraicheur de Salzedo

Segundo Grupo: Obras Barrocas e Clásicas

Unha obra barroca breve e unha sonata clásica

Por exemplo, Sonatas de J.L. Dusseck e Y Telynor Clasuroi de C. Powell

Terceiro Grupo: Obras Románticas

Unha obra breve lenta e un movemento rápido de unha sonata

